

CONDUCCIÓN DE GRUPOS EN BICICLETA DE MONTAÑA

1.- Estrutura e procedemento da proba:

A proba consta de tres partes: Exame teórico, Exame práctico de mecánica e Exame práctico de conducción de grupos en bicicleta.

- O **exame teórico** constará de 20 preguntas: curtas, de completar e de desenvolvemento. A duración aproximada será de unha hora.
- O **exame práctico de mecánica** consistirá en: desmontar e montar algún dos elementos básicos da bicicleta, recoñecer unha avaría e facer a súa reparación. A duración aproximada será de trinta minutos.
- O **exame práctico de conducción** consistirá en: realizar unha ruta de bicicleta de montaña partindo do instituto, dunha duración aproximada de dúas horas (20 km), conducindo e manexando con destreza a bicicleta de montaña e dirixindo a un grupo de clientes, dándolles as indicacións oportunas sobre manexo de bicicleta, normas de circulación, ética do ciclista de montaña, detalles técnicos e normas básicas de seguridade.

2.- Criterios de avaliación:

- Recoñecer os distintos tipos de bicicletas e diferenciar as distintas modalidades deportivas de bicicleta de montaña.
- Identificar a evolución da bicicleta e os seus compoñentes.
- Describir os compoñentes da bicicleta e a súa funcionalidade.
- Indicar o material persoal e complementario para a realización de itinerarios en bicicleta explicando as súas características e funcionalidade.
- Adaptar a bicicleta e os elementos da bicicleta ás características individuais do condutor.
- Desmontar e montar correctamente os elementos básicos da bicicleta utilizando as ferramentas adecuadas con destreza.
- Diagnosticar e reparar avarías como picadas, bielas, cadeas, freos, axuste de cambio, dirección.
- Conducir a bicicleta con seguridade, eficacia e equilibrio en diferentes tipos e estados do terreo.
- Manter un ritmo adecuado en subidas continuadas.
- Realizar a técnica eficaz de conducción en subidas e baixadas pronunciadas.
- Describir e explicar as normas de circulación na ruta.
- Enumerar a información que debe recibir o cliente sobre os consellos e aspectos técnicos a ter en conta na conducción de bicicletas.
- Guiar ao grupo con seguridade e eficacia

Os criterios de cualificación serán:

Exame teórico: cada pregunta correcta suma 0.5 ptos. O valor será dun 20% sobre o total.

Exame práctico de mecánica: dúas preguntas a resolver . O valor será dun 30% sobre o total.

Exame práctico de conducción: O valor será dun 50% sobre o total.